



## MODELO 660

### IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN

### DECLARACIÓN-DOCUMENTO SUCESORIO

### INSTRUCCIÓN

## CUESTIÓNS XERAIS

### Normativa reguladora

- [Orde do 21 de xaneiro de 2021](#) pola que se aproban os diferentes modelos de autoliquidación do imposto sobre sucesións e doazóns na Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan o procedemento e as condicións para o seu pagamento e presentación, así como determinadas obrigacións formais e de subministración de información tributaria (en diante Orde do 21 de xaneiro de 2021)

### Obxecto de declaración

O modelo 660 utilizarase para a presentación de documentos relacionados con adquisicións *mortis causa* que fosen previamente obxecto de presentación a través dos modelos 650 e, se é o caso, D650 que conteñan feitos impositivos non suxeitos.

### Formas de presentación

A presentación poderá ser presencial ou electrónica.

- Presentación presencial:

1.- Mediante o modelo papel 660 previsto anexo VI da Orde do 21 de xaneiro de 2021 que poderá adquirir nas [oficinas de distrito hipotecario e estancos autorizados](#) para a súa venda

2.- Mediante o modelo 660 obtido polo programa de axuda previsto na OVT da Atriga para cubrir a declaración sen que sexa preciso dispoñer de sinatura electrónica. Para estes efectos e unha vez introducidos os datos correspondentes, o sistema permitirá imprimir os exemplares do modelo 660 que serán válidos para a presentación do imposto [OV Tributaria→Cidadáns→ Documentos Sucesorios→Confección On-line]

- Presentación electrónica:

Precísase dispoñer de sinatura electrónica. A OVT da Atriga conta cun programa de axuda que, unha vez cubertos os datos, xera o modelo 660 para a súa presentación electrónica [OV Tributaria→Cidadáns→ Documentos Sucesorios→Presentación telemática]

A presentación electrónica do modelo 660 e, se é o caso, da documentación complementaria, ten carácter obrigatorio para as persoas ou entidades que, de acordo co que prevé o artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ostenten a condición de colaboradores sociais na aplicación dos tributos e cumpran os requisitos e as

condicións que estableza a normativa vixente [OVtributaria→Colaboradores sociais→Documentos Sucesorios→ →Presentación telemática]

### Documentación complementaria

Na presentación presencial, xunto coa correspondente declaración do modelo 660, presentárase a documentación acreditativa do feito declarado. En caso de documentos notariais deberase presentar copia auténtica do documento.

### Lugar de presentación

A presentación presencial realizarase nas [delegacións territoriais da Atriga, así como nas oficinas de distrito hipotecario](#), que teñan encomendada a recepción de dicha autoliquidacións e declaracións, con independencia de que non teñan atribuídas competencias para a aplicación dos tributos respecto a elas.

Unha vez dixitalizada a autoliquidación e a documentación complementaria devolverse á persoa interesada co xustificante de presentación previsto no anexo IX da Orde do 21 de xaneiro de 2021

### Prazo de presentación

Para a presentación da declaración documento sucesorio non existe prazo de presentación

### NORMAS PARA CUBRIR O MODELO

Este impreso deberá cubrirse a máquina ou utilizando bolígrafo sobre superficie dura e con letras maiúsculas.

- (1) Consigne a delegación da Axencia Tributaria de Galicia e, se é o caso, a oficina liquidadora de distrito hipotecario, así como os seus respectivos códigos. Só a Delegación da Coruña ten oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (OLDH), para o resto de delegacións o apartado de oficina liquidadora de distrito hipotecario quedará en branco.

DELEGACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	Código
A Coruña	15
Lugo	27
Ourense	32
Pontevedra	36
Vigo	54

OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO	Código	OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO	Código
Arzúa	1	Noia	11
Betanzos	2	Ordes	12
Carballo	3	Padrón	13
Corcubión	4	Pontedeume	14
Ferrol	8	Ortigueira	15
Muros	9	Santiago de Compostela	23
Negreira	10		

**(2) Interesado/a.** Consigne os datos persoais do interesado en que se realice a declaración do documento sucesorio.

**(3) Causante.** Consigne os datos do causante cuxo falecemento deu lugar á formalización do documento sucesorio

Imposto de Sucesión. Marque cunha "X" no recadro correspondente, se o imposto foi presentado ou non.

Nº Expediente. Se o imposto de sucesións presentouse indique o número de expediente.

**(4) Declarante.** Consigne os datos da persoa que realiza a declaración e efectúa a presentación do modelo.

Actúa en calidade de. Marque cunha "X" no recadro correspondente se é interesado, representante, comisario ou testamenteiro.

### Datos do documento

*Declaración do documento.* Marque cunha "X" no recadro que corresponda segundo o tipo de declaración realícese no documento sucesorio.

*Tipo de documento.* Marque cunha "X" no recadro correspondente se o tipo de documento é xudicial, notarial ou privado

*Identificación do notario ou autoridade xudicial.* Se o documento é xudicial indique a autoridade xudicial que o emite, se é notarial consigne o nome e apelidos do notario

*Localidade de formación-outorgamento.* Indique onde o documento notarial formalizouse ou outorgou

*Data do documento.* Indique a data de formalización, outorgamento, emisión ou firma do documento sucesorio. Utilizaranse dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro últimos para o ano.

*Protocolo.* Se se trata dun documento notarial indique o seu número e o ano de formalización ou outorgamento

### **Firma/data**

O documento deberá ir asinado polo declarante. Indique a data.